

Os cans son grandes aliados nas terapias para nenos con autismo. Un exemplo diso o temos en Galicia, concretamente no Hospital Teresa Herrera, da Coruña, onde Fusco, Marrón e Venus constitúen un elemento motivador para os pacientes. Octavio Villazala, técnico en cans de terapia asistida, é o encargado de adestralos. Dende a súa perspectiva “estes animais fan de ponte entre o neno e o seu entorno” e posibilitan que “teñan unha vida máis plena”. Villazala amósase optimista e asegura que “é cuestión de tempo” e de “concienciación” que en todos hospitais galegos haxa una participación activa de animais nos procesos terapéuticos.

